


REGULAMENTO ELECTORAL

**Para a elección a membros da Asemblea Xeral,
Presidente e Comisión Delegada da Federación
Galega de Colombofilia**

Santiago de Compostela, 19 de Xullo de 2014



Artigo 1. Obxecto da normativa

En aplicación do disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, e na Orde do 8 de setembro de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas, confeccionase a seguinte normativa que regula o proceso de elección dos órganos de goberno: Asamblea xeral, Presidente e Comisión Delegada, da Federación Galega de Colombofilia, con representatividade durante o período 2014 a 2018.”

Artigo 2. Celebración de eleccións

A Federación Galega de Colombofilia procederá á elección da súa Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada no ano 2014. O calendario electoral será o indicado no anexo I. Os sobres e papeletas serán os establecidos no anexo II. Establécese como horario de apertura ao público da sede federativa o seguinte: 16:00 a 20:00 horas.

Artigo 3. Regulamento electoral provisional e definitivo

Unha vez aprobado o regulamento electoral por parte da Asemblea Xeral da Federación Galega de Colombofilia será remitido á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, que resolverá, no prazo máximo de 10 días hábiles dende a entrada do documento no seu rexistro, sobre a aprobación do mesmo ou a súa devolución para a corrección de posibles deficiencias.

Transcorridos estes sen que recaia resolución algunha entenderase aprobado o regulamento. No caso de ser necesaria a subsanación de deficiencias, indicaranse as mesmas e se concederán dez días hábiles para proceder a dita corrección.

Solicítase á Asemblea Xeral da Federación Galega de Colombofilia, no caso que houbera que subsanar algunha deficiencia no mesmo regulamento electoral, que delegue e autorice á Xunta Directiva a facer os cambios necesarios, sen necesidade dun novo sometemento á aprobación da asemblea xeral. Unha vez feitas estas modificacións, o novo regulamento presentarase á Secretaría xeral para o deporte para a súa ratificación definitiva.



Os regulamentos publicaranse na páxina web das respectivas federacións e na da Administración Autónoma (art. 58.6 Lei 3/2012)

Artigo 4. Censo electoral

O censo electoral (ANEXO III) incluirá aos deportistas, xuíces/árbitros e entidades deportivas inscritas na federación e no Rexistro de entidades deportivas de Galicia, que reúnan os requisitos para ser electores e elixibles, de acordo co establecido no artigo 8º do presente regulamento. Inclúiranse os seguintes datos:

Para os/as deportistas, e xuíces/árbitros: nome, apelidos, número de licenza federativa, número do Documento nacional de identidade ou da tarxeta de residencia e domicilio a efectos de notificación. O domicilio reflectido por defecto para o estamento de deportistas será o do club ao que pertezan, e no seu caso tamén respecto do estamento de xuíces/árbitros, o que a estes efectos indiquen á Federación. No período de reclamacións ao censo provisional poderase solicitar o cambio de domicilio.

Para as entidades deportivas: nome, denominación ou razón social e número de inscrición no Rexistro de entidades deportivas e deportistas de Galicia, así como o nome e apelidos do presidente e secretario. Os datos das entidades deportivas deberán ser plenamente coincidentes cos datos contidos no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, tendo a Federación a obriga de cotexar ditos datos. No caso de discrepancias entre os datos obrantes no



registro da federación e os obrantes no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, establecerase un prazo de 10 días para a súa subsanación.

O censo electoral provisional publicarase xunto coa convocatoria. A exposición pública do mesmo deberá facerse por un prazo mínimo de 10 días hábiles, dentro do cal se poderán presentar as reclamacións que se estimen oportunas ante a Xunta Electoral, resolvéndose por esta no prazo máximo de 5 días hábiles e considerándose o silencio da xunta en sentido estimatorio da petición realizada. Dita exposición farase no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Colombofilia e das Delegacións federativas, así como na páxina web www.fcolombofilagallega.com,


2. O censo será considerado definitivo se non se presenta reclamación algunha, ou cando de presentarse, sexa resolta pola xunta electoral ou, se é o caso, polo Comité Galego de Xustiza Deportiva. Deberán aplicarse as mesmas garantías de difusión e publicidade que as previstas no número 2 deste artigo para o censo provisional.
3. Os datos contidos no censo electoral gozarán da protección do previsto na LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. En todo caso o tratamento e publicación dos datos contidos no censo terá por única finalidade garantir o exercicio polos electores do seu dereito de sufraxio, estando prohibida a súa cesión ou utilización para unha finalidade distinta a aquela.
4. Os candidatos proclamados poderán dispoñer do respectivo censo de persoas que compoñen o seu estamento e, no caso dos candidatos á presidencia, das persoas que conforman a asemblea (art. 58.5 lei 3/2012).

Artigo 5. Xunta electoral

1. O mesmo día da convocatoria de eleccións, constituirase a Xunta Electoral.
2. A xunta electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na asemblea xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da xunta electoral. As candidaturas deberanse presentar na mesma asemblea na que se celebre a súa elección, podendo estar os candidatos presentes na mesma.

Os membros da xunta deberán reunir os requisitos seguintes:

- a) Ser maior de 18 anos.
 - b) Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.
 - c) Non presentarse como candidato a membro da asemblea xeral.
 - d) Non ter relación contractual ou profesional coa Federación Galega de Colombofilia.
 - e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que conleve sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.
3. No caso de non presentación de candidatos a membros da xunta electoral, o presidente da federación proporalle á asemblea os membros necesarios para completar a mesma, os cales deberán así mesmo reunir os requisitos definidos no apartado anterior.
 4. Actuará como presidente e secretario da xunta electoral o membro de maior e menor idade, respectivamente. As decisións da xunta electoral tomaranse por maioría de votos. A asistencia á xunta electoral é obrigatoria salvo causa xustificada.
 5. Co obxecto de facilitar a presentación de solicitudes para membros da xunta electoral, establécense que como base para as indemnizacións por razón de servizo aos membros da xunta electoral que teñan o seu domicilio fora do municipio co obxecto de sufragar os posibles gastos ocasionados unha axuda por custas de quilometraje de 0,17 euros por quilómetro.
 6. Funcións da xunta electoral:



- a) Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos.
- b) Organizar os procesos das eleccións para a asemblea xeral e presidente da federación, segundo o disposto neste regulamento electoral.
- c) Designar as mesas electorais de conformidade co previsto neste regulamento electoral.
- d) Aprobar as candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, así como o resto da documentación electoral.
- e) Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos según se estableza neste regulamento electoral.
- f) Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten.
- g) Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata a súa finalización.

En xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas por este regulamento electoral.

Artigo 6. Mesa electoral: composición e competencias.

1.- Existirá unha única circunscrición electoral, pero para facilitar a votación constituiranse catro mesas electorais, que serán as seguintes:



Narón: Local social da U.C.M. Mariñas Altas (Avda. Santa Icia,nº50 Narón-A Coruña)

Lugo: Local social da S.C.Lucense

Pontevedra: Local social do clube Ría de Pontevedra (Plaza de los Placeres,s/nº - Pontevedra)

Santiago: Local social do clube Alas Compostelanas (San Marcos)

O horario establecido para as mesas electorais será de: 17 h. – 22:30 h.



As mesas electorais estarán compostas por tres membros titulares (un presidente, un secretario e un vogal) e tres suplentes destes, elixidos por sorteo pola xunta electoral entre os integrantes do censo definitivo. Serán presidente e secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obrigatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola xunta electoral.

Así mesmo, para a mesa electoral, os candidatos poden nomear interventores, entre quen desempeñe a condición de elector, que serán identificados ante a xunta electoral con antelación non inferior a 24 horas do día de celebración das respectivas votacións. A xunta electoral expedirá a correspondente acreditación.

Os interventores poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitar á mesma certificacións e formular ante ela protestas, todo iso sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde conforme aos artigos 18 e 19 deste regulamento.

2. A efectos de remisión do voto por correo, establécese como mesa para a recepción deste voto a de Santiago

3. Son competencias da mesa electoral:

- Comprobar a identidade dos votantes.
- Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada aos efectos.
- Proceder á contaxe de votos.
- Levantar acta dos votos emitidos, resultados, e calesquera outras incidencias. así como das incidencias e reclamacións se as houber, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato.

4. A acta será subscrita por todos os membros da mesa electoral, así como polos interventores, se os houber, remíndose posteriormente á xunta electoral, que deberá garantir a súa exposición pública mediante a publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web www.fcolombofilagallega.com

5. Cando proceda a elección de presidente constituirase a mesa electoral con dous membros que serán respectivamente o de maior e menor idade da asemblea. O primeiro actuará como presidente e o segundo como secretario. Así mesmo, e ata que conclúa a elección de presidente, exercerán funcións de presidente e secretario da asemblea.

6. Os gastos de desprazamentos dos membros das mesas electorais serán sufragados pola Federación Galega de Colombofilia, establéndose como base para as indemnizacións por razón de servizo aos membros das mesas electorais que teñan o seu domicilio fora do municipio co obxecto de sufragar os posibles gastos ocasionados unha axuda por custas de quilometraxe de 0,17 euros por quilómetro.

Artigo 7. Convocatoria de eleccións

1. A convocatoria das eleccións será feita polo Presidente da Federación Galega de Colombofilia o día do 2014, conforme a este regulamento electoral, aprobado pola Secretaría xeral para o deporte.

2. Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a xunta directiva disolverase, contiúndose en comisión xestora que non poderá realizar mais que actos de mera administración e trámite.

3. A convocatoria de eleccións publicárase no taboleiro de anuncios da sede da federación e nas delegacións, así como na páxina web www.fcolombofilagallega.com. A notificación da convocatoria de eleccións conterá cantos datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e sinaladamente:



- a) Regulamento electoral.
- b) Calendario electoral con indicación do lugar, data e hora de celebración dos actos propios do proceso electoral.
- c) Lugar de consulta dos censos electorais.
- d) Modelos oficiais de sobres e papeletas.
- e) Composición e sede da xunta electoral da Federación.

4. Cun prazo de antelación mínimo de cinco días hábiles dende a data da convocatoria, esta haberá de ser notificada, a través de medio que permita asegurar a súa recepción, cando menos, ás entidades deportivas integrantes desta federación e á Secretaría xeral para o deporte.

Artigo 8. Electores e elixibles

1. Poderán ser electores e elixibles:

a) No caso dos estamentos constituídos por persoas físicas (deportistas, adestradores e árbitros/xuíces) os que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade á data da convocatoria das eleccións.
- Ter licenza federativa en vigor e tido na tempada deportiva anterior á da data de convocatoria de eleccións.
- Ter participado nun mínimo de unha competición oficial na tempada deportiva anterior.

b) No caso do estamento de entidades deportivas: aquelas entidades, que estean inscritas, no ano da convocatoria das eleccións, na federación e no Rexistro de entidades deportivas de Galicia e teñan participado en competicións deportivas. A estes efectos e, con carácter mínimo, deberán de ter participado en catro competicións entre o ano de convocatoria das eleccións e os dous anos inmediatamente anteriores a aquel, e necesariamente unha delas no ano da convocatoria das eleccións. Non será elixibles aqueles clubs que formen parte da asemblea na súa condición de membros natos.

2. Aos efectos deste artigo entenderase como competición deportiva, aquela que estivera reflectida nos correspondentes calendarios oficiais aprobados pola Asemblea xeral.

3. Os membros da federación que pertencen a dous ou máis estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito ante a xunta electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo. Os criterios para identificar os electores nun único estamento, no caso de non existir a proposta individual, serán:

a.- No estamento de técnicos/as, os que sexan incluídos nos censos de deportistas e técnicos/as.



b.- No estamento de árbitros/as, xuíces/as, os que se atopen nos censo de deportistas e técnicos e xuíces/as e árbitros/as.

c.- A xunta electoral da Federación Galega de Colombofilia, introducirá as correccións no censo electoral que se deban efectuar como consecuencia do exposto no apartado anterior, procedendo a súa publicación no momento do censo definitivo.

Artigo 9. Composición da Asemblea xeral

1. O número de membros da asemblea xeral será de **20**, en aplicación do artigo 10, do presente regulamento electoral. O presidente da federación desempeñará a presidencia da asemblea xeral.

2. Os seus membros serán elixidos cada catro anos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, salvo a singularidade prevista para o estamento de clubs, por e entre os componentes de cada



estamento de conformidade co número e proporcións de representación que se establecen no presente regulamento.

3. Na asemblea xeral deberán estar representados todos os estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados na federación e, cando menos, as entidades deportivas, os deportistas, e os árbitros/xuíces.
4. No estamento de entidades deportivas haberá membros natos e membros electos.
5. A representación das entidades deportivas corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda. Esta representación acreditarase fidelmente mediante certificación da inscrición do Rexistro de entidades deportivas de Galicia na que figure expresamente os representantes legais da entidade.
6. Non cabe representación das persoas físicas.
7. Ningún membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.
8. A Federación galega de Colombofilia axustarase, no posible, nas súas actuacións ás recomendacións feitas pola Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG nº 149, do 3 de agosto).

Artigo 10. Proporcionalidade na composición da Asemblea xeral

1. A porcentaxe de cada estamento é:

Representantes de entidades deportivas: **70%**

Representantes de deportistas: **25%**

Representantes de xuíces: **5%**

Outros colectivos se os houber:

2. A representación mínima do estamento de entidades deportivas na asemblea xeral da Federación Galega de Colombofilia deberá ser do **50% do censo definitivo de entidades deportivas**, incluíndo os membros natos.

En calquera caso todos os clubs deberán necesariamente cumprir os requisitos que para eles se establece no artigo 8 deste regulamento.


3. Cando o número de candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral.

No entanto, no caso de que nalgún estamento da asemblea houbera máis dun 20% de vacantes, unha vez terminado o proceso electoral e no prazo máximo de 3 meses, o presidente procederá á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.

Artigo 11. Membros natos da Asemblea Xeral polo estamento de entidades deportivas

Conforme o establecido na Orde do 8 de setembro de 2010, establécese como baremo para a designación dos membros natos da asemblea xeral o seguinte:

a).- No caso das asembleas xerais formadas por máis de 15 representantes do estamento de entidades deportivas, aqueles cinco que contén con un maior número de licenzas, así como outros cinco que teñan participado no maior número de competicións oficiais ou actividades oficiais no caso das federacións nas que as actividades deportivas máis relevantes non sexan actividades competitivas.



Para a determinación dos membros natos pola participación en competicións ou actividades, valorarase tanto o número de competicións ou actividades nas que se participa co número de deportistas participantes.

b).- No caso das asembleas xerais formadas por 15 ou menos entidades deportivas, dúas entidades deportivas por cada un dos supostos anteriores.



Nos casos de empate nalgunhas das categorías anteriores, será membro nato aquela entidade deportiva que conte con máis méritos na outra categoría. No caso de proseguir o empate, este resolverase favorablemente para a entidade deportiva con máis antigüedad na súa afiliación na federación.

Estos datos refiriranse ao ano inmediatamente anterior ao da convocatoria das eleccións.

As entidades deportivas deberán estar incluídas no censo electoral definitivo. Aquelas entidades deportivas que desexen renunciar á súa condición de membro nato deberán facelo ante a Xunta Electoral, no prazo de reclamacións ao censo provisional establecido. A Xunta Electoral publicará tal incidencia no taboeiro de anuncios da federación, así como na súa páxina web.

Conforme o anterior baremo, **son membros natos da asemblea as seguintes entidades deportivas:**

Por maior número de licenzas	Por maior número de actuacións
U.C.M. MARIÑAS ALTAS RIA DE PONTEVEDRA	C.C.POMBAS DO VAL MIÑOR C.C.MENSAXEIRAS DE CAMBRE



Artigo 12. Candidatos a membros electos da Asemblea xeral

1. Poderá ser candidato a membro da asemblea xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fehacientemente en dereito a dita solicitude, ante a xunta electoral. Para a solicitude establécese un prazo de 3 días hábiles a contar dende a publicación do censo definitivo.

2. Unha vez presentadas as candidaturas, a xunta electoral proclamará a lista provisional de candidatos facéndoa pública na páxina web www.fcolombofilagalega.com. Haberá un prazo de 2 días hábiles, para a presentación de posibles reclamacións ante a Xunta electoral.

3. A Xunta Electoral dispón de dous días hábiles para resolver as reclamacións. Unha vez resoltas as posibles reclamacións, se houbera, procederase á proclamación definitiva de candidatos.

Artigo 13. Sistema de votación a membros da Asemblea xeral

1. A votación a membros da asemblea realizarase en urnas separadas por estamentos. A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario 17:00 a 22:30 horas. Soamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse as votacións. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste caso, a xunta electoral fixará unha data para a nova votación.

2. O dereito de votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular). No caso das persoas xurídicas a representación corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda, debéndose acreditar fehacientemente a dita representación mediante certificación da inscrición do Rexistro de entidades deportivas de Galicia na que figure expresamente os representantes legais da entidade.

3. A votación a membros da asemblea polo estamento de entidades deportivas farase entre os representantes de entidades deportivas e nas papeletas oficiais, poidendo votar a un máximo de **dous** candidatos do censo electoral definitivo que houberan presentado a súa candidatura por este estamento.

4. A votación a membros da asemblea polo estamento de Deportistas farase entre todos os deportistas incluídos no censo electoral definitivo, debendo facelo nas papeletas oficiais e nun máximo de **cinco** candidatos dos que houberan presentado a súa candidatura por este estamento.


5. A votación a membros da asemblea polo estamento de Xuíces farase entre todos xuíces incluídos no censo electoral definitivo, debendo facelo nas papeletas oficiais e nun máximo de **un** candidato dos que houberan presentado a súa candidatura por este estamento.

En caso de empate nos diferentes estamentos o sistema de desempate será:

a.- En caso de empate no estamento de clubs será elixido o club mais antigo no Rexistro e, entre eles, o que teña maior número de licenzas.

b.- En caso de empate no estamento de deportistas decidirase polo de maior antigüidade da licenzia federativa.

c.- En caso de empate no estamento de Xuíces decidirase polo que ostente a maior categoría (nacional, rexional, etc.) e, entre eles, o de maior antigüidade.



Se un membro electo da Asemblea perdera a condición pola que foi elixido, causará baixa automaticamente naquela, procedéndose á súa substitución da seguinte forma:

Será substituído polo candidato mais votado do estamento a que pertencía a partires do último elixido como membro da Asemblea Xeral.

Artigo 14. Voto por correo

1. Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da Asemblea naqueles estamentos integrados por persoas físicas.

2. O exercicio do voto por correo haberá de ser solicitado polo interesado á xunta electoral, dende a data da convocatoria das eleccións ata 2 días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Esta solicitude deberá facerse persoalmente, mediante correo certificado, burofax, ou por calquera outro medio validamente admitido en dereito que deixe constancia da solicitude.

3. Recibida pola xunta electoral a solicitude referida no punto anterior, comprobará a inscrición no censo definitivo do solicitante, realizando no caso de estar inscrito a anotación correspondente no censo e extendendo un certificado de autorización do voto por correo.

O certificado ao que se refire o parágrafo anterior deberá reflectir o nome do elector, o estamento polo que se solicita o exercicio do voto, así como un espazo en branco que deberá ser asinado polo elector previamente ao envío do voto á Secretaría xeral para o deporte.

A xunta electoral deberá remitir este certificado dentro dos 2 días hábiles seguintes á proclamación definitiva dos candidatos, remitíndollo aos solicitantes por correo certificado urxente e con acuse de recibo á dirección postal sinalada polo interesado na súa solicitude. Igualmente enviaráselle unha papeleta de votación en branco e o sobre de votación oficiais, xunto coa relación definitiva de todas as candidaturas presentadas ordenadas alfabeticamente.

O listado de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaría xeral para o deporte, publicándose asemade na páxina web www.fcolombofilagallega.com

3.- O elector introducirá a papeleta de voto no sobre da votación e pecharao. Incluirá este sobre de votación, xunto ao certificado emitido pola xunta electoral no que se autoriza o voto por correo, asinado polo emisor do voto e a copia do DNI, nun sobre de maior tamaño que os anteriores que remitirá á Secretaría xeral para o deporte para a súa custodia, por correo certificado urxente, consignándose no anverso e reverso do mesmo os seguintes datos:


Anverso:

Secretaría xeral para o deporte
Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4
5781 Santiago de Compostela (A Coruña)
Eleccións á Asemblea Xeral da Federación Galega de Colombofilia

Reverso:

Nome e apelidos do remitente
Estamento de
Mesa electoral de

5. A presentación dos votos nas Oficinas de Correos deberá realizarse con 6 días hábiles de antelación á data de celebración das eleccións, mediante envío por correo certificado urxente, e non serán admitidos os sobres depositados con data posterior. A Secretaría xeral para o deporte custodiará os votos emitidos, que serán postos a disposición da mesa electoral o día da votación, xunto cunha relación nominal dos mesmos, a fin de que, con posterioridade ao peche da votación presencial os membros da Mesa electoral poidan abrilos e, tras comprobar a súa regularidade, depositar cada voto na urna correspondente para incorporalo ao escrutinio.



6. Prevalecerá o voto persoal sobre o voto emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.

Artigo 15. Presentación de candidaturas a presidente

1. No prazo de 2 días dende a proclamación definitiva de membros da Asemblea xeral, poderá presentar candidatura a presidente da federación calquera persoa física, sen que teña que ser membro da asemblea xeral, segundo os requisitos que se esixen conforme ao establecido polo artigo 3.1 da Lei 1/1981, do 6 de Abril, Estatuto de Autonomía de Galicia, ser maior de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís, que non incorrese en ningunha sanción deportiva que o inhabilite e que non estea inhabilitado para o desempeño dun cargo público por sentenza xudicial firme. A persoa que resulte elixida como presidente non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa. Non se poderá simultanear a presidencia dun club deportivo coa presidencia da Federación deportiva na que se integre o dito club (art. 58.3 lei 3/2012).

Se algún membro da comisión xestora presentase a súa candidatura á presidencia, deberá cesar naquela.

O presidente saínte da federación será membro da nova asemblea xeral. Esta condición perderase nos casos de non presentar candidatura á presidencia ou, de téndoa presentado, non resultara elixido.

2. A presentación de candidaturas farase na sede oficial da federación, mediante escrito dirixido á xunta electoral.

3. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a xunta electoral exporá a listaxe provisional de candidatos a presidente no taboleiro de anuncios da federación así como na súa páxina web www.fcolombofilagalega.com. Pódense presentar impugnacións a esta no prazo de 2 días hábiles. As impugnacións serán resoltas pola xunta electoral no prazo de 2 días hábiles.

A xunta electoral publicará no día seguinte hábil, seguindo os medios reflectidos no punto anterior, a lista definitiva de candidatos á presidencia.

Artigo 16. Elección do presidente

1. No día e hora fixados na convocatoria correspondente, constituirase a Asemblea xeral en primeira ou segunda convocatoria tendo como únicos puntos da orde do día a elección a Presidente e a membros da Comisión delegada. O presidente da federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección.


2. Na votación á elección de presidente non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto. A representación das entidades deportivas realizarase conforme o establecido no artigo 9 parágrafo quinto, non admitíndose que unha persoa ostente a representación de mais dunha entidade deportiva.

3. Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, o presidente presentará os candidatos. iniciando, de seguido, o proceso de votación.

4. Os candidatos exporán os seus programas, procedéndose posteriormente á votación en urna para a elección do presidente, que será secreta.

5. A Xunta Electoral determinará o modelo de papeleta. Cada membro da Asemblea só poderá votar a un candidato.

6. O proceso de votación está formado por un máximo de tres votacións.



a. Na primeira votación son elixibles todos os candidatos da listaxe definitiva. Aqueles que obteñan un mínimo do 10% dos votos dos membros presentes, pasarán á seguinte votación. No suposto en que ningún candidato acade o 10% dos votos, pasarán á seguinte votación aqueles dous candidatos que contén cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa un candidato o que obteña o 10% dos votos, pasará tamén á seguinte votación o seguinte candidato en número de votos. De acadarse por algún candidato a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, será proclamado Presidente.

b. Na segunda votación soamente serán elixibles aqueles que, como xa está exposto e coas excepcións contempladas, obtiveran alomenos o 10% dos votos dos membros presentes. Será elixido presidente o candidato que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.

c. No caso de que na votación anterior ningún candidato obteña a maioría absoluta, procederase a unha nova votación entre os dous máis votados, no prazo de unha hora, resultando elixido o que obteña maioría de votos.

7. Terminada cada unha das votacións realizadas, a mesa electoral procederá á contaxe de votos e levantará a oportuna acta.

8. No caso de existir soamente dous candidatos, resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos. No caso de producirse empate entre os dous candidatos suspenderase a sesión por espazo dunha hora, celebrándose unha nova votación, tamén por maioría simple. De persistir o empate a Mesa electoral procederá a establecer un periodo de reflexión de hasta vinte e catro horas, realizándose unha nova votación entre os dous candidatos, resultando elixido o que obteña a maioría simple dos votos, de seguire persistindo o empate será elixido o de maior idade.

9. No caso de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación.

10. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a federación e convocará e realizará novas eleccións a presidente no prazo máximo de 3 meses.

11. Rematada a elección, a acta do resultado desta será remitida á xunta electoral. Transcorridos os prazos de presentación de posibles recursos e resoltos estes, a xunta electoral proclamará presidente ao candidato máis votado e comunicará os resultados á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días.



12. Unha vez proclamado definitivamente o novo presidente, a comisión xestora deberá poñer a disposición deste no prazo máximo de 5 días hábiles, contados dende a proclamación definitiva, toda a documentación relativa á federación, levantando acta da documentación entregada e remitíndolle copia desta á Secretaría xeral para o deporte.

13. Tras a súa proclamación o presidente designará os demais órganos e comités de acordo cos estatutos da federación, debendo comunicarlle a súa composición á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días hábiles, dende o seu nomeamento.

Artigo 17. Elección de membros da comisión delegada

A comisión delegada será elixida entre e pola asemblea xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto entre os seus membros. O seu mandado coincidirá co da asemblea xeral. Será presidida polo presidente da federación como membro nato desta.

O número de membros da comisión delegada será de 6, O procedemento para a súa elección será o seguinte:



Para esta elección non se admitirá voto por correo. As candidaturas por cada estamento presentaranse unha vez constituída a nova asemblea xeral e ante a mesa electoral. Unha vez presentados os candidatos á comisión delegada, a mesa electoral procederá ao desenvolvemento das votacións sectorialmente por estamentos na forma prevista no presente regulamento.

Actuará como mesa electoral a mesma que actuou para a elección de presidente/a. As votación no caso de existir mais candidatos que membros por estamento, realizaranse de forma sectorial por estamento e entre os membros de cada un deles.

O número de membros da comisión delegada será de seis, ademais do presidente/a da federación. A proporcionalidade de composición da comisión delegada será:

Entidades Deportivas	3 representantes.
Deportistas	2 representantes.
Xuíces/as e Xurados	1 representante

Artigo 18. Recurso ante a Xunta electoral

O coñecemento de tódolos recursos que se poidan formular na materia electoral corresponde á xunta electoral, sendo tódalas súas resolucións recorribles ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva. Están lexitimados para interpoñer recursos os representantes das candidaturas ou as persoas e entidades debidamente afectadas polos acordos da xunta electoral.

Os recursos ante a Xunta electoral serán presentados, personalmente ou por calquera medio que acredite fehacientemente en dereito a presentación do escrito (burofax, correo certificado, telegrama...), na sede central federativa mediante escrito dirixido ao presidente da Xunta electoral.

Os prazos para a presentación destes recursos, así como os de resolución da Xunta electoral serán de 2 días hábiles, salvo nos casos nos que no presente regulamento ou na Orde do 8 de setembro de 2010 se establezan outros distintos.


Artigo 19. Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva

1. Contra os acordos e resolucións das xuntas electorais procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo fin, as resolucións deste, á vía administrativa. Están lexitimados para interpoñer o recurso quen fose parte na impugnación ante a xunta electoral federativa ou as persoas interesadas directamente polo seu acordo ou resolución.

2. Os prazos para formalizaren estes recursos serán de 3 días hábiles contados dende o seguinte ao da notificación ou acordo obxecto de recurso ou, se for o caso, dende o momento en que se produza a desitimación tácita da reclamación electoral presentada. (art.57 do Decreto 120/2013).


3. O escrito de interposición do recurso deberá expresar:

- Nome, DNI e domicilio da persoa física ou denominación e enderezo social dos entes asociativos interesados, incluíndo neste último caso o nome do seu representante legal.
- Se é o caso, o nome, DNI e enderezo do representante do interesado, podendo acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de comparecencia ante a Secretaría do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- Lexitimación para interpoñer o recurso
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- As consideracións de feito e de dereito nas que baseen as súas pretensións, así como as propostas de proba que ofrezan en relación con aquelas.
- As pretensións que deduzan de tales consideracións.
- Lugar, data e sinatura.



Anexo I. Calendario electoral

19 xullo	Asamblea Xeral Extraordinaria. Aprobación do Regulamento electoral na Asamblea.
21 xullo	Preséntase á S.X.D. o Regulamento provisional electoral. Entrada no rexistro da SXD de Santiago de Compostela nessa data (Prazo de revisión máximo: 10 días).
2 de setembro	Remata o prazo da Secretaría Xeral para o Deporte para enmendas ou aprobación do Regulamento electoral.
3 setembro	Notificación da convocatória á SXD e ás entidades deportivas (5 días hábiles de antelación á convocatória.
9 de setembro	Convocatoria oficial de eleccións (Publicación nos taboleiros e WEB federativa). Publicación dos censos provisionais (Exposición pública do censo: 10 días hábiles). Inicio do prazo para reclamacións ao censo provisional (10 días hábiles). Disolución da Xunta Directiva e transformación en Comisión Xestora. Constitución da Xunta Electoral. Inicio do prazo para solicitar o voto por correo.
9-20 setembro	Prazo para presentar reclamacións ao censo provisional.
20 setembro.	Fin do prazo para reclamacións ao censo.
26 setembro	Resolución pola xunta electoral das reclamacións ao censo provisional. Publicación do censo definitivo. Designación das mesas electorais. Inicio do prazo para presentar candidaturas á Asamblea Xeral.
29 setembro	Remata o prazo para solicitar o voto por correo (9-29 setembro)
26-30 setembro	Prazo para presentación de candidatos á Asamblea xeral.
30 setembro	Publicación listas provisionais de candidatos á Asamblea xeral e sorteo para a eleccións dos membros das mesas electorais.
1 e 2 outubro	Prazo para presentar reclamacións de candidatos provisionais á Asamblea xeral. (2 días hábiles).
3 e 4 outubro	Prazo para resolución pola xunta electoral das reclamacións á candidatos á Asamblea xeral. (2 días hábiles)
4 outubro	Proclamación definitiva de candidatos.
7 outubro	Remata o prazo para remisión dos papeis de voto por correo (artigo 14 Regulamento) aos votantes autorizados.
11 outubro	Fin prazo para depositar os votos en correos.
18 outubro	ELECCIÓNS A MEMBROS DA ASAMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE COLOMBOFILIA. Exposición das listas provisionais de membros electos.
20 e 21 outubro	Prazo de reclamacións de membros da Asemblea Xeral (Prazo: 2 días hábiles)
22 e 23 outubro	Prazo para a resolución de reclamacións de membros da Asamblea Xeral (2 días hábiles)
23 outubro	Exposición da composición definitiva da Asamblea Xeral.
24 e 25 outubro	Prazo para presentación de candidatos a Presidente da Federación (2 días hábiles seguintes a proclamación definitiva dos membros da Asamblea).
25 outubro	Publicación da lista provisional de candidatos a Presidente da Federación
27 e 28 outubro	Prazo de reclamacións ás listas provisionais de candidatos a Presidente da Federación
29 e 30 outubro	Prazo de resolución das reclamacións ás listas provisionais de candidatos a Presidente da Federación (2 días hábiles: artigo 15.3 Regulamento).
31 outubro	Exposición da lista definitiva de candidatos a Presidente da Federación
7 Novembro	ASAMBLEA EXTRAORDINARIA. ELECCIÓN DO PRESIDENTE E COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE COLOMBOFILIA.
8-9 novembro	Prazo para reclamacións á elección do Presidente e Comisión Delegada da Federación.
11-12 novembro	Prazo para resolución pola Xunta electoral das reclamacións á elección do Presidente e Comisión Delegada da Federación.
12 novembro	Proclamación definitiva do Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Colombofilia. Fin proceso electoral.



Anexo II. Modelos de sobres e papeletas

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

Os que subscriben, presidente, vogais e secretario, como membros da xunta electoral da Federación Colombófila Galega,

CERTIFICAN

Que a xunta electoral quedou constituída polas persoas que se indican e que asinan o presente certificado:

PRESIDENTE/A: _____

VOGAL _____

SECRETARIO/A: _____

SUPLENTES:

PRESIDENTE/A: _____

VOGAL _____



SECRETARIO/A: _____

E para que así conste asinan o presente certificado a _____ de _____ de 2014

Presidente/a

Vogal

Secretario/a



**ACTA DE CONSTITUCIÓN DA MESA ELECTORAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Os que subscriben, presidente/a, vogal e secretario/a, como membros da mesa electoral da Federación Colombófila Galega para a elección de membros da asemblea xeral,

CERTIFICAN

Que a mesa electoral quedou constituída polas persoas que se indican e que asinan o presente certificado:

PRESIDENTE/A: _____

VOGAL _____


SECRETARIO/A: _____

E para que así conste asinan o presente certificado a de de 2014

Presidente/a

Vogal

Secretario/a



**ACTA DE ELECCIÓN
VOTACIONES A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL**

Os que subscriben, presidente/a, secretario/a, vogal e interventores da mesa electoral de:

CERTIFICAN:

Que os membros da mesa electoral, constituída polas persoas que se indican e que asinan, deron por pechadas tódalas operacións de reconto de votos, quedando os resultados destas votacións indicados nos anexos relacionados a continuación:

PRESIDENTE/A _____

VOGAL _____

SECRETARIO/A _____

INTERVENTOR/A _____

INTERVENTOR/A _____


INTERVENTOR/A _____

E para que así conste asinan o presente certificado a de de 2014, dando por finalizado o acto de votacións, asinan a continuación tódolos membros da mesa tanto na acta como nos seus anexos en tódalas follas

Presidente/a

Vogal

Secretario/a



MODELO PARA SOLICITAR OPCIÓN POR UN SÓ ESTAMENTO



(Só para electores incluídos en varios censos)

D _____, con enderezo en _____, Provincia de _____
Rúa/Praza: _____ nº: _____ e con
DNI: _____, do cal adxunto fotocopia, de acordo co regulamento electoral da Federación
Colombófila Galega para o proceso de eleccións e encontrándose incluído no censo electoral provisional
nos estamentos de _____ e _____, solicito exercer a opción de figurar no
estamento de: _____ do censo definitivo para o proceso electoral.

_____ a, _____ de _____ de 2014.

Asdo: _____

Sr/a. Presidente/a da Xunta Electoral
Federación Colombófila Galega.
Pza. de León, nº 1-1º D
SANTIAGO



MODELO DE RECLAMACIONES AO CENSO ELECTORAL

D. _____, con enderezo en _____, Provincia de _____
Rúa/Praza: _____ nº: _____ e con
DNI: _____, do cal adxunto fotocopia, de acordo co regulamento electoral da Federación
Colombófila Gaelga para o proceso de eleccións e atopándose:

Motivo de reclamación:

- Incluído no censo electoral provisional no estamento de: _____
- Excluído do censo electoral
- Outros.


Solicito a miña inclusión no estamento de: _____ do censo definitivo para o proceso electoral.

A fin de que sexa atendida a miña petición, e poidan realizarse as comprobacións pertinentes, expoño:

_____ a, _____ de _____ de 2014

Asdo.: _____

Sr/a. Presidente/a da Xunta Electoral
Federación Colombófila Gaelga
Pza. de León, nº1-1º D
SANTIAGO



MODELO DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS POLOS ESTAMENTOS DE DEPORTISTAS, E XUCES A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN COLOMBÓFILA GALEGA.


D./na _____, con enderezo en _____, Provincia de _____
Rúa/Praza: _____ nº: _____ e con
DNI: _____, do cal adxunto fotocopia, de acordo co regulamento electoral da Federación Colombófila Galega para o proceso de eleccións e atopándose incluído no censo electoral definitivo, publicado pola xunta electoral,

Presento a miña candidatura para ser membro da asemblea xeral da Federación Colombófila Galega polo estamento de:

_____ a, _____ de _____ de 2014

Asdo _____

Sr/a. Presidente/a da Xunta Electoral
Federación Colombófila Galega
Pza. de León, nº1 – 1º D
SANTIAGO



MODELO DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS POLO ESTAMENTO DE ENTIDADES DEPORTIVAS Á ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN COLOMBÓFILA GALEGA.

D./na _____, con DNI.: _____, do cal adxunto fotocopia, en calidade de Presidente da ENTIDADE DEPORTIVA: _____

_____ con enderezo en _____,

Provincia de _____ Rúa/Praza: _____ nº: _____,

de acordo co regulamento electoral da Federación Colombófila Galega para o proceso de eleccións e atopándose esta entidade incluída no censo electoral definitivo, publicado pola xunta electoral.

Presento/a a candidatura da ENTIDADE DEPORTIVA: _____

para ser membro da asemblea xeral da Federación Colombófila Galega polo estamento de entidades deportivas, a cuxo fin o representará

D./na _____ con enderezo

en: _____, Provincia de _____ Rúa/Praza:


_____ con DNI.: _____, do cal adxunto

fotocopia.

_____ a, _____ de _____ de 2014

Asdo: _____

Sr/a. Presidente/a da Xunta Electoral
Federación Colombófila Galega
Pza. de León, nº1 – 1º D
SANTIAGO



SOBRE "A" (Maior que o sobre "B")

Mesa electoral da Federación Galega de _____
Enderezo _____

(no remite deben figurar os datos do votante: nome e apelidos completos, copia da licenza en vigor e certificado da xunta electoral conforme pode votar)



Neste sobre deberase introducir unha fotocopia do DNI da persoa que exerce o voto.

SOBRE "B"
Menor que o sobre "A"

VOTO PARA OS CANDIDATOS Á ASEMBLEA XERAL DA
FEDERACIÓN GALEGA DE COLOMBOFILIA POLO ESTAMENTO DE:

(por o nome do estamento polo que se vota.)

Neste sobre débese introducir a papeleta do voto



PAPELETA DA VOTACIÓN
CANDIDATOS AO ESTAMENTO DE
ENTIDADES DEPORTIVAS (CLUBS)



Nome completo das entidades candidatas a membros da asemblea por este estamento.

Á marxe establecer cuadrícula para facilitar a opción de voto.

Cada votante deberá sinalar un máximo dúas entidades

Exemplo:



- Nome completo da entidade candidata
- Nome completo da entidade candidata
- Nome completo da entidade candidata
- Nome completo da entidade candidata
- Nome completo da entidade candidata
- Nome completo da entidade candidata



**PAPELETA DA VOTACIÓN
CANDIDATOS AO ESTAMENTO DE
DEPORTISTAS**

(MARCAR UN MÁXIMO DE 5 CANDIDATOS)

- Nome completo do candidato deportista
- Nome completo do candidato deportista
- Nome completo do candidato deportista
- Nome completo do candidato deportista
- Nome completo do candidato deportista
- Nome completo do candidato deportista
- Nome completo do candidato deportista
- Nome completo do candidato deportista



**PAPELETA DA VOTACIÓN
CANDIDATOS AO ESTAMENTO DE
XUÍCES**


Nome completo dos/as xuíces/as candidatos/as a membros da asemblea por este estamento.

Á marxe establecer cuadrícula para facilitar a opción de voto.

Cada votante deberá sinalar un máximo un xuíz/as

Exemplo:

- Nome completo do xuíz/a candidato/a
- Nome completo do xuíz/a candidato/a
- Nome completo do xuíz/a candidato/a
- Nome completo do xuíz/a candidato/a
- Nome completo do xuíz/a candidato/a
- Nome completo do xuíz/a candidato/a



MODELO DE RECURSO

Don/a _____ con D.N.I. _____
e licenza federativa _____ e con domicilio, a efectos de notificación, en

_____ expón:

Que desexa impugnar a decisión de _____ (xunta electoral,
mesa, etc) de data _____ pola que se
_____ (exclúe do censo...etc) con base nas
seguintes consideracións:

-Primeira: _____


-Segunda: _____

En atención ao exposto solicita:

Que _____

Data _____

Sinatura _____



**ACTA DE CONSTITUCIÓN DA MESA ELECTORAL
NARON (A CORUÑA)**

Os que subscriben, presidente/a, vogal e secretario/a, como membros da mesa electoral da Federación Colombófila Galega para a elección de membros da asemblea xeral,

CERTIFICAN

Que a mesa electoral quedou constituída polas persoas que se indican e que asinan o presente certificado:

PRESIDENTE/A: _____

VOGAL _____


SECRETARIO/A: _____

E para que así conste asinan o presente certificado a de de 2014

Presidente/a

Vogal

Secretario/a



ACTA DE CONSTITUCIÓN DA MESA ELECTORAL
PONTEVEDRA

Os que subscriben, presidente/a, vogal e secretario/a, como membros da mesa electoral da Federación Colombófila Galega para a elección de membros da asemblea xeral,

CERTIFICAN

Que a mesa electoral quedou constituída polas persoas que se indican e que asinan o presente certificado:

PRESIDENTE/A: _____

VOGAL _____



SECRETARIO/A: _____

E para que así conste asinan o presente certificado a de de 2014

Presidente/a

Vogal

Secretario/a



ACTA DE CONSTITUCIÓN DA MESA ELECTORAL
LUGO

Os que subscriben, presidente/a, vogal e secretario/a, como membros da mesa electoral da Federación Colombófila Galega para a elección de membros da asemblea xeral,

CERTIFICAN

Que a mesa electoral quedou constituída polas persoas que se indican e que asinan o presente certificado:

PRESIDENTE/A: _____

VOGAL _____


SECRETARIO/A: _____

E para que así conste asinan o presente certificado a de de 2014

Presidente/a

Vogal

Secretario/a



**ACTA DE CONSTITUCIÓN DA MESA ELECTORAL
SANTIAGO**

Os que subscriben, presidente/a, vogal e secretario/a, como membros da mesa electoral da Federación Colombófila Galega para a elección de membros da asemblea xeral,

CERTIFICAN

Que a mesa electoral quedou constituída polas persoas que se indican e que asinan o presente certificado:

PRESIDENTE/A: _____

VOGAL _____

SECRETARIO/A: _____

E para que así conste asinan o presente certificado a de de 2014

Presidente/a

Vogal

Secretario/a

